UNIDADE 8

# REPASO

Nome: ............ Data: ............ Curso: ............

**1** Substitúe as expresións destacadas polo seu significado literal.

a) Alexandre é un lince, entende todo moi rápido. ▸ ............

b) A miña amiga fala por sete. ▸ ............

**2** Completa as seguintes palabras no teu caderno con *ll* ou con *i*.

| | | | |
|---|---|---|---|
| sorte......a | bri......ante | toa...... a | albo......o |
| agasa......o | papaga......o | cro......o | ......ogureira |
| pararra......os | ......ate | pare......a | o......eiras |

**3** Copia o texto e divídeo en dous parágrafos que teñan dúas oracións cada un.

As vacacións do verán permítennos levar a cabo todo aquilo que non puidemos facer durante o curso despois do duro traballo é hora de descansar calquera lugar é bo para pasar unhas estupendas vacacións a montaña a praia a aldea ou a cidade ofrécennos multitude de actividades.

............

............

............

............

**4** Le este poema e indica que recurso literario predomina e en que consiste.

E ti, campana de Anllóns,
que vagamente tocando
derramas nos corazóns
un bálsamo triste e brando
de pasadas ilusións.

EDUARDO PONDAL: *Poesía galega completa*, Sotelo Blanco Edicións

Recurso: ............

Consiste en: ............

............

**5** Continúa o poema anterior cunha estrofa na que utilices unhas destas hipérboles.

En todas as partes te oio

Todo o mundo ben o sabe

............

............

............

............



# REPASO

Nome: ............ Data: ............ Curso: ............

**6** Le esta crónica e escribe o nome de cada parte. Despois, responde as preguntas.

## Un peche de xira delicioso

Os *Panadeiros da Praza*, o grupo musical de moda en Galicia, pecha a xira cunha serie de concertos que os fará percorrer algunhas vilas costeiras das Rías Baixas. Comezaron onte á noite, no Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo, puntuais, ás 21:00 horas, e co auditorio ateigado de público. → ............

Entraron no escenario fortes, cunha canción do novo disco, *De viaxe*, que ten matices de rock intenso, bailable e divertido. Despois de enlazar con tres cancións do primeiro disco, cantaron coa axuda do público *Marcel, entre o mar e o ceo.* A segunda parte supuxo unha mostra de como fai as versións este grupo de excelentes artistas; converteron nunha soa peza *Despropósito, Vereite mañá* e *Coma ti*. → ............

En conclusión, foi unha noite máxica para o público e para os músicos, que agradeceron a entrega e a resposta da xente. ■ → ............

a) Busca na crónica un mecanismo de referencia e outro de elipse e cópiaos.

............

b) Que conectores de suma e de tempo hai na crónica?

............

**7** Escribe unha oración na que o nome de cada debuxo teña sentido figurado. Logo, explica o seu significado.



............

............



............

............

**8** Escribe *ll* ou *i* nas seguintes palabras e logo completa as oracións con elas.

fa ...... a     o ...... o     bo ...... a     so ...... a

- Os mariñeiros sinalaron o lugar cunha............
- Calculou as cantidades dos ingredientes do biscoito a............
- Non fai ............ que veñas con nós á farmacia, podes quedar na casa.
- Na tenda de produtos chineses mercamos salsa de............